



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

### **PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN, CULTURA, DEPORTES, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS MUNICIPAIS**

Genoveva Hermo Santos, concelleira de Educación, Cultura, Deportes, Medio Ambiente e Servizos Municipais, presenta, no seu propio nome e no nome da Asociación Libera e Fundación Franz Weber a seguinte proposta para os seu debate e as súa aprobación, se procede, no pleno da Corporación:

#### **PROPOSTA PARA IMPULSAR POLÍTICAS DE BENESTAR ANIMAL E CONVIVENCIA:**

A recente aprobación da Lei de Benestar Animal polo Parlamento de Galicia e a falta dunha consignación orzamentaria mínima por parte do executivo autonómico evidencia unha vez máis a necesidade de establecer normas locais adaptadas aos tempos, ás demandas veciñais e ao interese da protección dos animais xunto cunha convivencia responsable.

A nova Lei autonómica avanza nalgúns aspectos fundamentais, reclamacións que viñan sendo continuadas por parte das entidades protectoras e dos colectivos que, como LIBERA! Advirten sobre un abandono animal que non deixa de medrar e que non recibe resposta precisa dende o conxunto dos poderes públicos.

Tamén, non é menos certo, que a derivación de competencias nesta materia dende a Xunta aos Concellos e ás Deputacións, colocando aos gobernos locais nunha situación complexa, xa que teñen que aplicar as disposicións, algunhas moi novidosas, como o 'sacrificio cero' ou a prohibición de encadeamento continuado, sen dispoñer dun investimento por parte da administración galega. Só cunha remuda profunda da conciencia cidadá se poderá chegar a un concello máis amigable e responsable cos animais, con taxas practicamente nulas de abandono e con casos moi puntuais de crueldade, pero aplicar a Lei de Benestar Animal nos vindeiros meses esixirá unha resposta económica da Xunta, que dote aos concellos de medios mínimos para afrontar o seu articulado con garantías. A Xunta ten a obriga de apoiar ás administracións que están a asumir a práctica totalidade dunha batalla, o abandono e o maltrato, para a cal non se consignan suficientes recursos.

#### **PROPONSE:**

1. Instar á Xunta de Galicia a consignar os recursos orzamentarios necesarios para garantir a aplicación correcta da Lei de Benestar Animal de Galicia, así como o apoio técnico preciso para implementar as súas disposicións.

A Concelleira,

(Asinado dixitalmente ao marxe)

---

**Concello de A Pobra do Caramiñal**